




Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN GRUPO B xaneiro – marzo 2016

11 de xaneiro: entregamos...




Crematorio, de Rafael Chirbes

Chirbes recrea a traxectoria dun especulador inmobiliario utilizando unha estrutura que incorpora gran variedade de puntos de vista, introducíndonos no propio corazón especulativo e as súas interioridades. Un panorama social e persoal sen concesións, mostrando o avance económico en España nun período recente e o prezo ético, emotivo e de simple felicidade persoal que supuxo.

Comentario: 25 de xaneiro

25 de xaneiro: entregamos...



O coitelo en novembro, de Marilar Aleixandre

¿Que papel teñen as historias na nosa vida? ¿Somos o que contamos? ¿Poden os muiños, aínda que non sexan de vento, derrubar a un por terra? ¿Cantos coitelos entraron en novembro no corpo dun ditador agonizante? Neste libro, talvez unha novela, talvez un mando de relatos, as persoas resistense a ser tratadas como personaxes; os contos auténticos, parte enguedéllanse cos inventados, se é que non son todos inventados.

Comentario: 8 de febreiro

8 de febreiro: entregamos...




El mapa y el territorio, de Michel Houellebecq

Se o protagonista desta novela, tivese que contarlle a historia, quizá comezase falándolles dunha avaría do quentador. Ou do seu pai, arquitecto coñecido e comprometido, con quen pasou a soas moitas noites do Nadal. Evocaría a Olga, unha rusa moi bonita, á que coñece ao principio da súa carreira na exposición inaugural da súa obra fotográfica. Isto sucede antes de que chegue o éxito mundial coa serie de «oficios», retratos de personalidades captados no exercicio da súa profesión.

Comentario: 22 de febreiro

22 de febreiro: entregamos...



Mentiras de mujeres, de Liudmila Ulítskaya

Ao estilo dunha novela por entregas, Ulítskaya proponnos sutís variacións sobre a mentira feminina. Pois, segundo a nosa autora, as mentiras das mulleres distingúiranse das mentiras dos homes, e estarían case sempre desprovistas de finalidade. Unha obra de talento, aguda observación e orixinal escritura onde se amosa unha gran tenrura cara aos seus personaxes e o ser humano e as súas debilidades.

Comentario: 8 de marzo

8 de marzo: entregamos...



Un mal nombre, de Elena Ferrante

Ninguén sabe quen é Elena Ferrante, e os seus editores procuran manter un silencio absoluto sobre a súa identidade. "Un mal nombre" é a segunda entrega dun tríptico napolitano que está destinado a converterse nun clásico da literatura europea do século XXI. Nesta novela continua a saga que Elena Ferrante dedica á cidade de Nápoles e á historia de Italia no século XX.

Comentario: 22 de marzo

22 de marzo: entregamos...



El vino de la soledad, de Irène Némirovsky

A novela máis persoal e autobiográfica de Irene Némirovsky. Cunha mirada intelixente e aceda, a novela segue á pequena Elena dos oito anos á maioría de idade, desde Ucraína ata San Petersburgo, Finlandia e finalmente París, onde a familia instálase tras o estalido da revolución rusa.

Comentario: 5 de abril